

As ensinanzas de Música na encrucillada europea

Luís Costa Vázquez

Universidade de Vigo
Director do Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga (Pontevedra)

luiscosta@uvigo.es
luiscostavm@edu.xunta.es

As ensinanzas superiores de Música están abocadas a un proceso de reforma que, ademais de dar resposta a algunhas cuestións xa vellas, debería conducir á súa integración dentro dos parámetros normativos e de calidade do Espazo Europeo da Educación Superior. Este artigo analiza as claves desta situación, de maneira específica no caso de Galicia, así como as súas perspectivas máis inmediatas.

Palabras clave

Música, conservatorio, converxencia.

Nos últimos vinte ou trinta anos, a situación das ensinanzas especializadas de Música en Galicia experimentou unha melloría considerable que, cos lóxicos matices que se poidan poñer a esta constatación, se pode cualificar de histórica. Actualmente contamos no país con sete conservatorios nas principais cidades, que imparten ensinanzas de grao elemental e profesional, e con dous conservatorios superiores na Coruña e Vigo. A estes centros da Consellería, habería que sumar outros de titularidades públicas e privadas, que forman unha mesta rede espallada por toda Galicia.

O panorama actual, tanto no que se refire á educación musical formal, como á vida das numerosas e variadas agrupacións que interaccionan directamente con estes procesos formativos, amosa unha evolución altamente positiva, colocando a Galicia nunha situación de normalización respecto do Estado español, no seu conxunto, e do espazo europeo, coas distancias obvias que existen dentro deste segundo contexto maior.

Desde esta conciencia, quizais sexa un bo momento para facer unha reflexión crítica e sosegada sobre as eivas e disfuncións que se teñen producido neste troco histórico, por momentos mesmo vertixinoso. Un exame detido dos moitos espazos da educación

musical resultaría impertinente e imposible dentro da extensión e pretensións deste artigo, desde o momento en que os axentes implicados, son moi variados na súa natureza, niveis de competencia e ámbito de actuación. Centrarémonos, pois, nas ensinanzas superiores de Música, e as súas perspectivas no contexto educativo actual.

O proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) iniciado coa Declaración de Boloña de 1999, trae consigo unha reforma de amplo alcance, que abrangue as ensinanzas superiores na súa organización e funcionamento, afectando ademais directa ou indirectamente, a outros moitos espazos da vida social. O aspecto máis notorio do "proceso de Boloña", é a progresiva homoxeneización da estrutura e organización dos estudos superiores, e xa que logo, das titulacións que se obteñan en calquera dos países participantes.

Pero máis alá desta capa, o proceso de converxencia implica, cando menos nominalmente, profundas mudanzas en aspectos que van alén dunha mera reordenación curricular. Así, nas metodoloxías pedagóxicas, trasladando o foco dos procesos de ensino aos da aprendizaxe, e afondando na autonomía formativa do alumnado; na redefinición da función docente e investigadora do profesorado;





na articulación de procesos eficaces de transición á vida activa dos graduados, e da correlación entre ensino superior e mercado laboral. Tamén no desenvolvemento da autonomía financeira e de xestión dos centros superiores, e a súa conseguinte corresponsabilidade; ou na implantación de sistemas de control de calidade que garantan un nivel de rendemento homoxéneo, dentro dun sistema aberto no que se contempla a mobilidade de alumnos e titulados. Finalmente, este proceso trae consigo unha nova articulación da convivencia necesaria entre os obxectivos da capacitación formativo-profesional inherente ao ensino superior, e a súa función como espazo permanente de creación e divulgación do pensamento crítico.

Os dous piares normativos principais son o Real decreto 1125/2003 de 5 de setembro que regulou o sistema de créditos ECTS (European Credit Transfer and Accumulation System), e máis recentemente o tan agardado Real decreto 1393/2007 de 29 de outubro, que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias de acordo co prescrito polo proceso de converxencia en todos os seus aspectos. Xa no curso 2003-2004

as universidades galegas comezaron a dar pasos en consonancia co proceso de converxencia, implantando nalgúns sistemas de control de calidade, e experimentando a efectividade do sistema de créditos ECTS.

Simultaneamente, desenvóléronse experiencias e enquisas para avaliar o grao de implicación de profesorado e alumnado, así como o seu coñecemento do que comporta este proceso. No momento actual, as universidades galegas están a poñer o pé no acelerador, de xeito que se poida cumprir co calendario, e ter completo o mapa de títulos xa reformados para o 2010. En termos xerais, o sistema universitario galego está na recta final do proceso, polo menos nos seus aspectos máis formais. Os cambios de hábitos son, como se sabe, máis lentos e requiren unha acción decidida e persistente no tempo.

Que ten sucedido, mentres tanto, no ámbito das ensinanzas superiores de Música?

A reforma que supuxo a Lei orgánica 1/1990 de 3 de outubro (LOXSE) e, máis concretamente, o Real decreto 617/1995 de 21 de abril, polo que se regulaban os currí-

culos e acceso ás Ensinanzas Superiores de Música (no sucesivo, ESM), implicaron o mantemento destas ensinanzas fóra do marco xeral do ensino superior, definido fundamentalmente en España polo sistema universitario. A situación podería non ter maiores consecuencias, se non fose porque se trataba dunha posición que, por excepcional, podía conducir doadamente á marxinación. Por contraste, nos últimos anos facilitouse a integración, como facultades ou escolas e baixo o paraguas da universidade, doutros estudos superiores: Arquitectura, Enxeñería, Maxisterio, Educación Física, Enfermería, Fisioterapia, Náutica, Turismo, Belas Artes, etc.

No caso dos conservatorios e a pesar da presenza de moitas voces autorizadas e da existencia de asinados e documentados informes, o certo é que a Administración central non desenvolveu un marco normativo específico que sacase as ESM do limbo en que as deixara a LOXSE, fose para integralas no sistema universitario, fose para dotalas dunha lei orgánica propia, ou fose desenvolvendo unha normativa específica que suplise estas carencias. O propio lento e accidentado desenvolvemento da

LOXSE, e a abortada LOCE, condicionou para que se chegase ao novo milenio, sen ter feitos estes deberes.

É certo que, tanto o Real decreto 617/1995 de 21 de abril, como o Decreto 183/2001 de 19 de xullo, da Consellería de Educación, que regulan aínda as ESM en España e Galicia, respectivamente, parecían apuntar cara a unha converxencia co modelo universitario, en aspectos como a organización da carga docente en créditos, a duración dos estudos en catro cursos, agás algunhas especialidades excepcionais de cinco, ou o recoñecemento da optatividade e de estudos cursados en universidades. Pero moitas cuestións quedaron sen resolver, adiando as solucións unha e outra vez, ata chegarmos aos nosos días. E non sería porque a comunidade educativa concernida non manifestase repetidamente a súa inquedaanza perante esta situación.

Unha ollada aos editoriais publicados nestes últimos 20 anos en *Música y Educación*, sen dúbida unha das revistas de maior impacto no mundo dos profesionais da ensinanza musical en España, tira o dato significativo de que, ao menos, 15 dos 70 editoriais, van dirixidos especificamente a tratar os problemas de definición, funcionamento e recoñecemento das ESM en España; sen contar coas moitas referencias puntuais a esta cuestión, ao longo de todo este período. Nesta situación, a creación e posta en funcionamento das ESM en Galicia segundo a normativa LOXSE, desde o ano 2001, desenvolveuse con serias deficiencias, compartidas en termos xerais en todo o Estado.

A aprobación da Lei orgánica 2/2006 de 3 maio de educación (LOE), parece dar unha nova oportunidade para abordar a definición e funcionamento das ESM, aínda que sexa manténdoas de

entrada, e unha vez máis, fóra do sistema universitario. O art. 45.2. c) da LOE define como ensinanzas artísticas superiores as superiores de Música e Danza, entre outras. Á súa vez, o art. 46 establece claramente que o contido e avaliación das ensinanzas artísticas superiores “se fará en el contexto de la ordenación de la educación superior española en el marco europeo y con la participación del Consejo Superior de Enseñanzas Artísticas y, en su caso, del Consejo de Coordinación Universitaria”, o que nos remite logo ao espazo da converxencia no EEES. O art. 58, se ben establece na epígrafe 3 que as ESM se cursarán nos “conservato-

rios o escuelas superiores de música y danza”, engade na epígrafe 4 que as comunidades autónomas poderán establecer convenios e fórmulas de colaboración coas universidades para a realización destes estudos, convenios que son de feito imprescindibles para o caso do doutoramento e investigación, como a propia LOE prevé nos artigos 58.5 e 58.6.

Tamén no articulado dedicado ao profesorado de ensinanzas artísticas, se atopan referencias a un estatuto diferenciado no caso dos centros que impartan as de grao superior. Así, o art. 96.2 albisca que ademais dos requisitos xerais para os funcionarios destes corpos, o goberno central “podrá incluir otras exigencias para el profesorado que las asuma, derivadas de las condiciones de inserción de estas enseñanzas en el marco de la educación superior”. Como o marco da educación superior de referencia en España é o universitario, e os únicos requisitos específicos que se esixen aos docentes titulares universitarios respecto dos docentes non universitarios son, a posesión do grao de doutor e a acreditación de Estado, cabe preguntarse se a intención do lexislador é esixir tales requisitos ao profesorado das ESM; pero coido que sería prematuro pronunciarse sobre isto. O que si está claro é que a LOE prevé unha estrutura de profesorado nos centros superiores, similar á do mundo universitario (art. 96.4, e disp. adic. novena, punto 4), coa inclusión da figura dos profesores asociados ou convidados –na LOE chamados “especialistas”–, a tempo parcial ou completo, funcionarios ou non, comunitarios ou extra-comunitarios.

No momento actual está pendente o desenvolvemento normativo da LOE no que atinxe ás ensinanzas artísticas superiores. A constitución do Consejo Superior de Enseñanzas Artísticas (CSEAA),

A LOE prevé unha estrutura de profesorado nos centros superiores, similar á do mundo universitario



en outubro de 2007, deu xa algúns froitos, como son o proxecto de Real decreto do currículo de Arte Dramática, de inmediata publicación, e o proxecto de Real decreto de ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores. Non sei con certeza nada tocante ás ESM desde o CSEEEA, aínda que si da existencia dun borrador de ordenación curricular para as ESM presentado a título particular pola Asociación Española de Centros Superiores de Enseñanzas Artísticas. Non é posible proceder aquí a unha valoración detallada deste borrador; só adiantar que asume completamente os piares normativos propios do EEES en aspectos como titulación, estrutura do currículo, créditos ECTS, control de calidade, etc. En calquera caso, haberá que agardar ao borrador da Administración para avaliar a concreción de moitos aspectos que, ata agora, apenas quedan bosquexados entre as xeneralidades do texto da LOE.

Chegado este punto, cabe preguntarse se non debera ser esta unha ocasión idónea para abordar, con debate, diálogo, claridade de ideas e vontade de acadar resultados concretos, a cuestión pendente da organización das ESM, ao tempo que a súa articulación como parte do sistema de educación musical e xeral, e da produción e o consumo cultural en Galicia.

Ao longo do último trimestre do pasado 2007, un grupo de traballo auspiciado dende a Consellería de Educación, e constituído polos directores dos conservatorios profesionais e superiores de titularidade autonómica, elaboraron coa miña coordinación, un amplo informe no que se analiza a situación das ESM en Galicia. Nel propóñense liñas xerais de actuación e medidas concretas, para encarar a reforma destas ensinanzas. A reflexión do grupo articulouse arredor de tres grandes campos de atención: o

O desenvolvemento da LOE proporciona unha nova ocasión para abordar a integración plena das ensinanzas superiores de música dentro do EEES

currículo, a estrutura organizativa e as sinerxías externas entre as ESM e o contorno académico, educativo e profesional, especialmente o máis inmediato galego.

Sen pretender ter atinado con todas as claves, e que o citado informe sexa a panacea a unha situación que ben se pode cualificar de eiva histórica, creo que cómpre recoñecerlle o mérito de ter proporcionado por vez primeira unha análise ampla desde a perspectiva dos centros, e de ter formulado propostas á vista do contexto normativo español e europeo, que vimos de analizar. O resultado final, recóllese nunhas liñas de acción que extracto de xeito sintético:

- Reforma do currículo das ESM, respectando as peculiaridades deste ensino, e de acordo coas directrices xerais do proceso de converxencia cara ao EEES.

- Reformulación da estrutura organizativa das ESM en Galicia e dos centros que as imparten, dando

resposta ás demandas e singularidades propias dun ensino superior, dotado da suficiente autonomía, ao tempo que coordinado e integrado.

- Definición dun estatuto dos docentes de ensino superior acorde co seu nivel, que solucione os problemas de adscrición de profesorado, así como cuestións de formación, regulamento específico, carreira profesional, compatibilidade de actividades, etc.

- Creación de mecanismos de integración formativa e laboral do alumnado que teñan en conta, tanto os aspectos da necesaria mobilidade, no ámbito español e europeo, como o artellamento coas institucións e a vida musical da Comunidade autónoma.

As conclusións avogaban pola cualificación das ESM en Galicia e a consecución dunha "imaxe de marca", como un referente competitivo no ámbito estatal e europeo, e lembran tamén o carácter urxente desta reforma, debido, tanto á longa situación de provisionalidade que se está a vivir nas ESM, como aos imperativos do propio calendario da converxencia, que remata no 2010. Trátase polo demais, de propostas en consonancia coas que se están a facer desde o contexto español no seu conxunto. Así, nas conclusións do XVII Encuentro de Consejos Escolares Autonómicos (2007), centrado precisamente nas ensinanzas artísticas, apúntase a necesidade de regulamentar a especificidade e a autonomía administrativa e académica destes centros, así como de axetalos ao contexto do EEES, dotando o seu alumnado dun pleno status universitario.

Iniciativas como a constitución mediante lei dos institutos superiores de ensinanzas artísticas, en Aragón (2003) e Valencia (2007), e os proxectos similares, xa moi avanzados noutras comunidades do Estado, fornecen exemplos

útiles de como abordar unha articulación eficaz das ESM dentro do marco LOE. Recentemente propuxéronse solucións semellantes para o caso de Galicia, como se recolle nun amplo traballo de Manuel F. Vieites, que desenvolve aspectos de profesorado, alumnado, réxime organizativo, así como todas aquelas cuestións que teñen que ver co proceso de converxencia no EEES.

Outras experiencias, como as desenvolvidas a través da centralización en Cataluña ou Euskadi, deberan servir como corolarios para avaliar vantaxes e atrancos, e para deseñar solucións feitas á medida das nosas necesidades e posibilidades. Cabe tamén ter moi presentes as potencialidades dun encontro frutífero entre os conservatorios superiores e as universidades, do que poden darnos información as documentadas reflexións recollidas no libro branco sobre o Título de Grao en Historia e Ciencias da Música, presentado polas universidades dentro do proceso de converxencia no EEES.

Cómpre non esquecer neste sentido, que a LOE establece a competencia dos conservatorios e escolas superiores de música para impartir os estudos superiores que a propia LOE regula. Pero as últimas decisións no seo do Consejo de Coordinación Universitaria, e por parte do goberno central, veñen abrir a posibilidade de crear novos títulos universitarios no terreo das ensinanzas artísticas, ademais dos xa existentes.

Nos últimos anos, a Administración autonómica ten apostado decididamente pola ensinanza musical, como proba a actualización da rede de conservatorios nos graos elemental e profesional, coa integración de centros históricos que sobrevivían moitas veces en precario. Construíronse ademais novas instalacións, aumentouse notablemente a oferta de especialidades e de prazas para o alumnado, e á vez, consolidáronse e ampliaron as prazas de docentes.

A implantación completa dos currículos destes graos correspondentes á LOE (Decreto 198/2007 e Decreto 203/2007, ambos de 27 de setembro), debe dar paso a un período de consolidación e mellora dunhas estruturas xa establecidas. A última iniciativa de experimentación do novo bacharelato en Artes, itinerario de Artes Escénicas, Música e Danza, vén dar resposta a unha vella arela, a dos "centros integrados", facilitando a compaxinación das ensinanzas de réxime xeral coas especiais.

Aínda así, de pouco ha valer tanto esforzo na base da pirámide e no medio, se non atinamos a colocar como é debido as últimas pedras. Unha enquisa encargada pola propia Consellería neste 2008 coa finalidade de completar e contrastar as reflexións do grupo de traballo sobre as ESM en Galicia, subministra datos ben elocuentes. A modo de exemplo, dicir que máis da metade do alumnado que xa cursa as ESM en Galicia estaría disposto a marchar, se tivese praza noutros centros de fóra; o 75%, dos enquisados que neste momento cursan



5.º e 6.º de grao profesional, declara que iría fóra continuar estudos superiores, se tivese os recursos económicos, e entre as 235 respostas de alumnos deste grupo, só un manifestou ter unha percepción moi boa dos conservatorios superiores galegos.

O novo bacharelato en Artes, itinerario de Artes Escénicas, Música e Danza, vén facilitar a integración das ensinanzas de réxime xeral e as especiais

Poderíase pensar que o alumnado é particularmente duro nas súas valoracións, se non fose porque a análise detallada dos datos obtidos e o cruzamento dos mesmos, incluídas as opinións do profesorado, demostran que estamos ante un xuízo solidamente fundamentado, sobre deficiencias no funcionamento destes centros superiores. O documento –de 89 páxinas– constitúe unha auténtica radiografía do estado de opinión de alumnado e docentes, e polo tanto, debéra terse moi en conta no futuro.

Todos os aspectos que antes enumeramos como parte do proceso de converxencia no EEES aparecen agora no primeiro plano das

preocupacións expresadas polos actores concernidos nas ESM en Galicia. Como un paso previo, a Administración galega está a desenvolver un novo proceso de adscrición do profesorado aos conservatorios superiores, atendendo así á opinión do colectivo (68% do profesorado afectado, declarou na enquisa que estaba descontento co procedemento que se seguira ata agora). Discutible como todo, e para moitos seguramente insuficiente, pero, sen dúbida, constitúe un primeiro movemento.

A tarefa non é doada nin pequena, pero é indubidablemente necesaria. Agora cómpre continuar e afondar con rigor e con decisión. Como poden acreditar moitos concertistas, vítimas do “medo escénico”, os máis ingratos, son precisamente os primeiros compases.

Bibliografía

- Conclusións do XVII Encuentro de Consejos Escolares Autonómicos del Estado. Illes Balears, 18-21 de abril de 2007. Consello Escolar de Galicia.
- *Enquisa aos conservatorios profesionais e superiores de música de Galicia*. Cidadañía (Servizos de Estudos Sociolóxicos), 2008.
- MUÑOZ CAMACHO, E. e Outros (2004) *O espazo europeo de educación superior: aspectos xerais*. Santiago de Compostela, ACSUG.
- PLIEGO DE ANDRÉS, V. (Ed.) (2008) *La educación musical en España entre 1988 y 2008 desde una perspectiva periodística*. Madrid, Musicalis.
- *Situación e perspectivas dos estudos de música de grao superior en Galicia*. Grupo de Traballo de directores dos CMUS Profesionais e Superiores de titularidade da Consellería de Educación e O. U. Santiago de Compostela, novembro de 2007.
- VIEITES, M. F. A organización das ensinanzas artísticas superiores en Galicia. Unha proposta de desenvolvemento. En *Xornadas As Ensinanzas Artísticas e o Espazo Europeo de Educación Superior*. Vigo, 17-18 de setembro de 2007. Inédito, cortesía do autor.